

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 05.10.2023

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.04 h do 05.10.2023, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Alejandra Permuy Meizoso, Manuel Polo Gundín, Cristina García Moroño, Justo Martínez Ardá, María de los Ángeles Coira López, Adán Chao Pardo, Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Tamara Miragaya López, José Andrés Serantes Panceiras, Alejandro Dopico Rodríguez, Noemí Carballo Cabo, Joaquín Julián Ayala Garrido, María José Ares Sanmartín, Eloy Rico López e María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretaria: Estefanía Manteiga Lamas

Interventora: Eva María Casal Sanjurjo

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 07.09.2023

Ao non haber ningunha obxección, queda aprobada a acta da sesión ordinaria do 07.09.2023

2. Dación de conta das Resolucións da alcaldía dende a núm. 908/2023 á 1010/2023

Os/as concelleiros/as danse por informados/as.

3. Aprobación, se procede, da conta xeral do exercicio 2022, expediente 2023/T017/000002

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na sesión extraordinaria da Comisión Especial de contas do 31.08.2023, por 4 votos a favor (3 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e 1 voto do grupo Mixto municipal) e 3 abstencións (2 do grupo municipal do Partido Socialista e 1 do grupo municipal do Partido Popular), que transcrita di:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2022

Unha vez formada a Conta Xeral do Concello correspondente ao exercicio 2022 e informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión que tivo lugar o 31 de agosto de 2023, esta foi exposta ao público quince días hábiles aos efectos de que durante estes as persoas interesadas puideran presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Incorporouse ao expediente o informe da funcionaria do Rexistro municipal, que fai constar que non foron presentadas reclamacións, alegacións nin reparos á Conta Xeral, procede elevar ao Pleno a seguinte proposta de acordo:

ÚNICA. - Aprobar a Conta Xeral do Concello de Fene correspondente ao exercicio 2022 nos termos que constan no expediente, integrada polas contas anuais do Concello así como pola documentación complementaria legalmente establecida.

En Fene, asinado dixitalmente en Fene polo alcalde, Juventino José Trigo Rey, na data da marxe. “

Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 11 votos a favor (7 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal) e 6 abstencións do grupo municipal do Partido Popular.

A vista do resultado da votación, o pleno acorda:

ÚNICA. - Aprobar a Conta Xeral do Concello de Fene correspondente ao exercicio 2022 nos termos que constan no expediente, integrada polas contas anuais do Concello así como pola documentación complementaria legalmente establecida.

C-0
09E
150
P-
F:
C.I.

4. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do Partido Popular contra a tramitación dunha Lei de Amnistía

Consta no expediente a seguinte Moción que foi ditaminada desfavorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización do Emprego, Seguridade e Participación Veciñal do 25.09.2023, por 2 voto a favor do grupo municipal do Partido Popular, 3 abstencións (2 do grupo Municipal do Partido Socialista e 1 do grupo Mixto municipal) e 3 votos en contra do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, que transcrita di:

“ MOCIÓN CONTRA A TRAMITACIÓN DUNHA LEI DE AMNISTÍA QUE PRESENTA O GRUPO POPULAR NO CONCELLO de FENE, conforme ao previsto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais , para elevar ao Pleno a Proposta de acordo /Moción que trae a súa causa na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O 15 de outubro de 1977 o Congreso dos Deputados aprobou a Lei de Amnistía que seguiu o principio de reconciliación nacional que guiou a nosa Transición á democracia. A amnistía era unha demanda social e unha necesaria e imprescindible impugnación do ordenamento xurídico da ditadura. Foi un dos instrumentos cos que se puxo punto final á represión que sufriu unha parte da sociedade española e un dos grandes acordos que consolidaron o noso camiño á democracia.

Durante a tramitación da Constitución de 1978 debateuse a cuestión da amnistía, xa que se presentaron dúas emendas para que as Cortes Xerais puidesen ter esa competencia. As emendas foron rexeitadas e, pola contra , aprobouse o artigo 62 que prohibe indultos xerais. É dicir, o perdón - que si existe no noso ordenamento e que está regulado na Lei do Indulto-, debe ser sempre individualizado e nunca con carácter xeral.

Nunha democracia europea consolidada, como é a española de 2023, unha amnistía, ademais, atenta contra algúns dos principios básicos do Estado de Dereito como son a exclusividade do poder xudicial para xulgar e facer executar o xulgado, a igualdade na aplicación da lei e a seguridade xurídica. Nin o lexislador nin o poder executivo poden arrogarse a facultade de declarar inmune a un grupo de persoas, borrar os seus delitos e mesmo evitar que sexan xulgados como calquera outro cidadán. Todo iso ademais mentres que tanto o Tribunal de Xustiza da UE como o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos teñen pendente resolucións referidas á cuestión, sobre a que se expón a posible amnistía e que afectan a España.

En 2017 produciuse un intento de insurrección por parte dos poderes públicos de Cataluña contra a orde Constitucional. A reacción do Estado de Dereito foi a aplicación do artigo 155 da Constitución e a posta en marcha dos instrumentos penais contra os seus impulsores.

O Tribunal Supremo condenou aos seus principais líderes a penas de entre 9 e 13 anos por sedición e malversación. Algúns dos seus principais responsables fuxiron ao estranxeiro. Desde entón tratan de evitar a acción dos Tribunais españois e europeos. Non foi o único que o fixo. O pasado 5 de setembro Puigdemont condicionou a gobernabilidade de España a, entre outras cuestións, a aprobación dunha Lei de Amnistía que favoreza, entre outros, aos procesados polo referendo ilegal de 2017, en ocasións por feitos dunha violencia extrema.

Non é a primeira vez que se expón esta cuestión. Xa en 2021 rexistrouse unha iniciativa destas características no Congreso e os Letrados emitiron un informe contundente contrario á súa tramitación. Ademais, tanto Pedro Sánchez como ministros do seu Goberno, Juan Carlos Campo, Fernando Grande Marlaska e Carmen Calvo, entre outros moitos dirixentes socialistas, afirmaron no pasado a inconstitucionalidade dunha posible amnistía.

Os feitos xurídicos seguen igual, pero cambiaron as circunstancias políticas. Pedro Sánchez, nun intento desesperado por conservar a Presidencia do Goberno, abriuse a que pódase tramitar unha Proposición de Lei. Ademais de supoñer unha inconstitucionalidade flagrante, de novo preténdese utilizar un atallo para evitar os controis de legalidade do CGPJ, a Fiscalía e o Consello de Estado.

C-0
09E
150
P-
F:
C.I

O prezo da presidencia non sería só exculpar centenaes de delitos senón deslexitimar o Estado de Dereito e branquear e considerar a lexitimidade da sedición que se levou a cabo. En definitiva, un inasumible prezo político para calquera gobernante decente e que a falta de rexeitamento explícito e contundente por parte do Goberno está a causar unha profunda conmoción social.

Por todo iso, o Grupo Popular no Concello de Fene, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS.

1. Rexeita calquera tipo de amnistía ou indulto xeneralizado para calquera grupo de cidadáns, calquera que sexa o seu delito.
2. Considera que o imperio da lei é a expresión da vontade popular, tal e como establece o preámbulo da Constitución, e compromete a todos os poderes para o seu cumprimento.
3. Anima aos dous partidos maioritarios a buscar acordos de Estado que eviten que a sociedade española véxase sometida ás condicións ilegais de partidos independentistas.
4. Dar traslado destes acordos a Presidencia do Goberno, á Vicepresidencia primeira e ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, á Vicepresidencia segunda e ministerio de Traballo e Economía Social, ao ministerio de Política Territorial, e ás voceiras parlamentarias no Congreso e o Senado; así á Xunta de Goberno da FEMP.

En Fene, a 18 de setembro de 2023.

A voceira suplente do grupo municipal Popular
Rocío Aurora Bértoa Puente"

Sometido o asunto a votación, foi rexeitado por maioría absoluta logo de obter 6 votos a favor do grupo municipal do Partido Popular e 11 votos en contra (7 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, 3 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal).

5. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación se procede, da Moción do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego relativa a situación do transporte por estrada na comarca.

Consta no expediente a seguinte Moción emendada que é incluída na orde do día por unanimidade, e que transcrita di:

"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG AO PLENO DO CONCELLO SOBRE A SITUACIÓN DO TRANSPORTE POR ESTRADA NA COMARCA

Desde o BNG sempre acreditamos que o transporte colectivo de carácter público - baseado sempre no seu carácter inclusivo para todas as persoas usuarias- é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén un labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela. Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións, así como de accidentes ou colapsos e ruídos nos espazos urbanos.

Ao fío da instauración do último plan de transporte de Galiza, son milleiros as queixas de persoas usuarias, colectivos e traballadores ante este novo modelo no desempeño das licitacións públicas e da súa execución ou posta en práctica. Este novo plan de transporte está a deixar na nosa comarca unha situación realmente caótica; con eliminación de horarios, itinerarios e paradas cuestión que repercute negativamente na vida diaria da veciñanza. Este último plan de transporte de Galiza deixa fóra moita da poboación da comarca que este plan de transporte non ten nin en consideración, situación agravada pola falta de oferta de alternativa de transporte por parte de quen ten a competencia, a Xunta de Galicia.

Unha situación que deriva dos evidentes incumprimentos por parte da adxudicataria MONBUS, mais tamén da complicidade da Xunta; como responsábel da adxudicación co servizo e garante das cláusulas que se explicitan nos mesmos. E cómpre lembrar que, para o desenvolvemento do transporte metropolitano na nosa comarca, asinouse un convenio hai dous anos - que deriva nunha importante aportación económica por parte dos concellos- nos que se expresa como un dos

obxectivos fundamentais “ proceder á execución dunha serie de actuación conxuntas que permitan o mellor desenvolvemento do transporte metropolitano no seu ámbito, como medidas de fomento de mobilidade sostible...”. Nada máis lonxe da realidade...Lonxe do cumprimento dos obxectivos fixados no convenio resulta totalmente caótica: incumprimento de horarios e itinerarios, insuficiencia e malas condicións dos medios utilizados, carencias de persoal, etc.. Unha situación que levamos aturando desde hai tempo, e dun xeito indecente desde a Xunta procedeu á nova adxudicación ao monopolio que representa a empresa MONBÚS; e que está a ser denunciada desde diversos colectivos e institucións, sen que se producise mellora algunha das deficiencias comentadas. Con este panorama, resulta evidente que os obxectivos que se concretan no convenio asinado vai para dous anos - no que os concellos achegan en cada anualidade 2021-2024 máis de 350.000 euros - están a incumprirse por parte da Xunta, que é realmente a que tén entendemos, deberían responder ao contido do convenio asinado cos concellos.

Este último plan de transporte de Galiza, ademais deixa fóra moita da poboación da comarca, á que o plan e os seus responsables non teñen nin en consideración, situación agravada pola falta de oferta de alternativa de transporte por parte de que ten a competencia, a Xunta de Galicia.

Neste contexto, e atendendo á defensa dos intereses das persoas usuarias e tamén á transparencia e obxectividade no referente ao destino dos fondos municipais que os concellos están a dirixira ao cumprimento do convenio, e tendo presente a realidade dos concellos rurais, así como a lexislación competencial e o actual sistema de financiamento municipal, solicitamos do Pleno do Concello a adopción dos seguintes:

ACORDOS

Primeiro. O Pleno do Concello, á vista dos problemas que está a padecer o servizo de transporte público de viaxeiros na nosa comarca que afecta directamente ao conxunto dos nosos veciños e veciñas, acorda demandar da Xunta unha urxente solución á citada problemática; concretada especialmente no reforzo e adaptación de servizos en horas que demandan os colectivos de usuarias, co fundamental obxectivo de atender definitiva e acaidamente as necesidades de mobilidade da poboación da comarca, nomeadamente as derivadas de razóns laborais, académicas, asistenciais, etc.

Segundo. Do mesmo xeito, demandamos a curto prazo a revisión do presente contrato así como a revisión dos convenios dos concellos no transporte metropolitano asinado coa Xunta e provocado pola delegación do Concello de Ferrol.

Alejandra Permuy Meizoso
Voceira BNG”

O grupo municipal socialista propón unha emenda que é aceptada polo grupo do BNG, quedando incorporada á Proposta de acordo.

Sometido o asunto emendado a votación, foi aprobado logo de obter 11 votos (7 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, 3 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal) e 6 en contra do grupo municipal do Partido Popular.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Primeiro. O Pleno do Concello, á vista dos problemas que está a padecer o servizo de transporte público de viaxeiros na nosa comarca que afecta directamente ao conxunto dos nosos veciños e veciñas, acorda demandar da Xunta unha urxente solución á citada problemática; concretada especialmente no reforzo e adaptación de servizos en horas que demandan os colectivos de usuarias, co fundamental obxectivo de atender definitiva e acaidamente as necesidades de mobilidade da poboación da comarca, noemadamente as derivadas de razóns laborais, académicas, asistenciais, etc.

Segundo. Do mesmo xeito, demandamos a curto prazo a revisión do presente contrato así como a revisión dos convenios dos concellos no transporte metropolitano asinado coa Xunta e provocado pola delegación do Concello de Ferrol.

Terceiro. De seguir cos incumprimentos no servizo, demandamos que a Xunta de Galicia cancele a concesión

C:0
069
150
P:
F:
C.I.

Cuarto. Demandamos que a Xunta de Galicia elabore un informe das necesidades reais e actuais de transporte público e escolar dos veciños e veciñas de Fene.

6. Mocións urxentes

Non se presentan ningunha

7. Rogos e preguntas

As intervencións dos membros da Corporación desta acta recóllense fidedignamente no arquivo dixital que contén o vídeo e audio desta sesión, e que ten a seguinte pegada dixital (SHA512):

**830fac591e0d2e2253637b60bb61f4ebf32f6f2e13d701b0d4dfc5d04b29022a
47b2e409954faceb2c14272462634fb39de6829d9a741d23235f0ff19d098645**

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 20.44 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

C:
06
150
P:
F:
C.I.